**IES URBANO LUGRÍS – MALPICA**

# PROGRAMACIÓN

# DE

# MÚSICA

**Profesor e xefe do departamento:**

Pedro Martínez Casillas

d

**ÍNDICE**


1. Introducción 3
2. Contextualización 4
3. Normativa 5
4. Competencias clave 5
5. Contribución da materia de música á adquisición das competencias clave 5
6. Elementos transversais 7
7. Programación 2º ESO 8
    7.1 Perfil competencial 8
    7.2 Unidades didácticas 9
    7.3 Distribución del currículo en unidades didácticas 10
    7.4 Mínimos esixibles e instrumentos de avaliación 22
10. Programación 4º ESO 27
    9.1 Perfil competencial 27
    9.2 Unidades didácticas 28
    9.3 Distribución del currículo en unidades didácticas 29
    9.4 Mínimos esixibles e instrumentos de avaliación 40
11. Metodoloxía 45
12. Procedementos de avaliación 45
    11.1 Instrumentos de avaliación xerais 45
    11.2 Sistemas de cualificación 45
13. Materiais e recursos didácticos 48
14. Plan de integración das TICs 49
15. Plan lector 49
16. Actividades de recuperación e reforzo 50
    15.1 Recuperación das avaliacións suspensas 50
    15.2 Recuperación de materias pendentes de cursos anteriores 50
17. Actividades complementarias e extraescolares 52
18. Medidas de atención á diversidade 52
21. Metodoloxía de traballo no caso de ensino a distancia 52
22. Dereito á educación –telemética- 53
23. Plan de reforzó e recuperación para o alumnado repetidor 53
23. Avaliación do ensino e a práctica docente 53
24. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación de la programación en Relación cos resultados académicos e procesos de mellora 55

## 1. INTRODUCCIÓN

A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento con gran valor na vida das persoas; ademais, favorece o seu desenvolvemento integral, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

Na actualidade, a música constitúe un dos principais referentes de identificación da mocidade. Co desenvolvemento tecnolóxico multiplicáronse as canles de acceso ás cada vez máis numerosas fontes de cultura musical, así como aos seus diversos xeitos de creación e interpretación, a través de vehículos que forman parte da súa vida cotiá, como internet, os dispositivos móbiles, os reprodutores de son e os videoxogos. Ademais, fomenta o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica.

A materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, ademais de procurar un ensino integral e axudar na maduración do alumnado novo.

Transcendendo estes valores estéticos, propios da competencia de conciencia e expresións culturais, o alumnado aprenderá actitudes de cooperación e traballo en equipo ao formar parte de diversas agrupacións nas que cadaquén asumirá diferentes papeis para poder interpretar música en conxunto. Por outra parte, é interesante fomentar actitudes emprendedoras que acheguen o alumnado ás diferentes profesións no ámbito musical e non musical.

Esta materia fomenta as actividades colaborativas ao integrar os/as estudantes nun grupo, fomentando o intercambio de ideas, o respecto entre iguais, a integración, a creatividade, o coñecemento doutros contextos e o desenvolvemento da intelixencia emocional.

O estudo desta materia parte dos coñecementos previos adquiridos polo alumnado na educación primaria e do seu desenvolvemento evolutivo, afondando con elementos que, dado o seu nivel de abstracción, deben abordarse neste momento de desenvolvemento do alumnado.

Entre outros, é obxectivo desta materia dotar os alumnos e as alumnas dun vocabulario que permita a descrición de fenómenos musicais, unha comprensión da linguaxe musical como medio de expresión artística, unha sensibilidade cara á expresión musical e o entendemento da música como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade. Tamén se lle outorga un papel importante á análise das obras musicais, entendendo que se pode levar a cabo en distintos niveis de profundidade.

Os elementos do currículo básico organizáronse en catro bloques, moi relacionados entre si, que comparten múltiples elementos: "Interpretación e creación" integra a expresión instrumental, vocal e corporal coa improvisación e a composición musical, o que permitirá ao alumnado participar da música dunha forma activa; "Escoita" pretende crear a primeira actitude fundamental cara a esta arte e dotar o alumnado das ferramentas básicas para gozar dela a través da audición e a comprensión do feito musical; "Contextos musicais e culturais" relaciona a música coa cultura e a historia, dá a coñecer o valor do patrimonio musical español e galego, e ensina a identificar o estilo e as características distintivas da música que delimitan cada período histórico básico; e finalmente, "Música e tecnoloxías" pretende abranguer o coñecemento e a práctica da interacción entre música e novas tecnoloxías. Estes aspectos teñen especial importancia debido á proximidade que as tecnoloxías teñen na vida cotiá do alumnado, polo que se pretende xerar unha vinculación entre a linguaxe tecnolóxica que utiliza habitualmente e a música dentro da aula.

Xa como remate, vese necesario resaltar a importancia do uso dunha metodoloxía adecuada a este enfoque curricular, que posibilite que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe, traballando de xeito colaborativo, onde a práctica e a vivencia do feito musical sexa real e relevante para o alumnado, para a comunidade educativa e para o contorno social.

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN

Trátase dun Instituto de Ensinanza Secundaria situado no ámbito rural no que se imparte ensinanza secundaria obrigatoria.

Pola súa ubicación, defínese unha estrutura socioeconómica media-baixa.

En canto ó nivel de cualificación por estudos dos pais/nais ou titores/as, oscila entre a inmensa maioría que posúen estudos primarios e, nunha menor procentaxe, estudos secundarios, medios e superiores.

O alumnado deste centro procede de nove parroquias: Malpica de Bergantiños, Barizo, Buño, Cambre, Cerqueda, Leiloio, Malpica de Bergantiños (San Xulián), Mens e Vilanova.

Social e culturalmente pódense categorizar en:
-Alumnado que provén da zona rural.
-Entre o alumnado obsérvanse grandes variacións de coñecementos previos debido a súa procedencia de distintos centros.

## 3. NORMATIVA

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da ESO e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).

- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primeria, a educación secundaria e o bacharelato (BOE do 29).

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de ESO e Bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).

- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instruccións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da ESO e do Bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

## 4. COMPETENCIAS CLAVE

.Comunicación lingüística (CCL)
.Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
.Competencia dixital (CD)
.Aprender a aprender (CAA)
.Competencias sociais e cívicas (CSC)
.Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
.Conciencia e expresións culturais (CCEC)

## 5. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE MÚSICA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

**Comunicación lingüística (CCL)**: a materia de *Música* axuda ao alumnado a desenvolver a súa competencia como axentes comunicativos mediante a aprendizaxe doutro sistema de signos: a linguaxe musical. A partir da adquisición da lecto-escritura musical, que é un dos obxectivos fundamentais do 2º curso, o alumnado será quen de comprender e expresarse a través deste complexo e á vez universal sistema de comunicación. Por outra banda, o alumnado traballará no desenvolvemento da súa sensibilidade artística como consumidor de distintos estilos de música, e aprenderá a emitir, empregando un vocabulario musical axeitado, xuízos fundados de valoración

sobre distintos fenómenos musicais, desenvolvendo así outra das dimensións da comunicación lingüística.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):** a música contribúe ao desenvolvemento da competencia matemática poñendo en evidencia a necesidade do manexo de principios matemáticos para a comprensión dos elementos básicos da linguaxe musical: a relación entre as distintas figuras, o compás, o timbre ou as agrupacións dos sons en distintos tipos de escalas. Igualmente, reflexionarase sobre os fundamentos físicos do son (características das ondas sonoras, relación das características dos corpos sonoros cos sons emitidos) e sobre aspectos de acústica (fisioloxía do oído, capacidade de audición no ser humano,etc.).

**Competencia dixital (CD):** a música tamén contribúe de xeito directo ao desenvolvemento do tratamento da información e da competencia dixital (CD). O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do hardware e o software musical. Favorece, así mesmo, o seu aproveitamento como ferramenta para os procesos de autoaprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de lecer. A obtención de información musical require de destrezas relacionadas co tratamento da información, tanto textual como musical: búsqueda e selección de contidos, opcións de almacenamento, etc.

**Aprender a aprender (CAA):** a música pode ser clave para o desenvolvemento desta competencia, debido á súa progresividade e ao seu carácter artístico e multidisciplinar: traballarase a planificación e xestión das tarefas, así como a análise dos resultados, e tamén, de xeito moi relevante, a motivación para abordar as tarefas (especialmente as de práctica musical) e o control de emocións para poder desenvolvelas axeitada e satisfactoriamente; por último, en relación coa competencia cultural e artística, o alumnado aprenderá a respectar, valorar e desfrutar a música de distintos estilos, épocas e culturas a través do seu coñecemento.

**Competencias sociais e cívicas (CSC):** a participación en actividades musicais e de movemento de distinta índole, especialmente as relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requiren dun traballo cooperativo colabora na adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. A participación en experiencias colectivas, musicais e de movemento ofrece a oportunidade

de expresar ideas propias, valorar as dos demais e coordinar as súas propias accións coas dos outros integrantes do grupo responsabilizándose na consecución dun resultado. A toma de contacto cunha ampla variedade de músicas, tanto do pasado como do presente, favorece a comprensión de diferentes culturas e da súa contribución á sociedade en que vivimos, fomentando a valoración das distintas achegas e a percepción da progresiva fusión de estilos e culturas que se está a realizar nesta arte. A reflexión sobre a presenza incesante da música nas nosas vidas, sobre o uso que dela se fai na publicidade e noutros medios como elemento de manipulación emotiva, e sobre o seu papel na economía e na creación de novas profesións, desenvolve a valoración crítica e a comprensión da realidade.

**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** as materias do Departamento de Música contribúen ao desenvolvemento desta competencia mediante o traballo cooperativo e a planificación e xestión de proxectos. A interpretación e a composición son dous claros exemplos de actividades que requiren dunha planificación previa e de toma de decisións para obter os resultados desexados. Por outra banda, naquelas actividades relacionadas especialmente coa interpretación musical, desenvólvense capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, sendo estes factores clave para a adquisición desta competencia. Non pode esquecerse tampouco que a organización e realización de actividades musicais no centro escolar require a utilización de habilidades sociais para traballar en equipo co

fin de levar a cabo un proxecto común: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar, negociar e traballar de forma cooperativa e flexible para un ben común.

**Conciencia e expresións culturais (CCEC):** a materia de música contribúe de forma directa á adquisición da competencia cultural e artística en todos os aspectos que a configuran. Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais a través de experiencias perceptivas, expresivas e de coñecemento das músicas de diferentes culturas, épocas e estilos. Pode potenciar así actitudes abertas e respectuosas e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto das distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico nos que se inscribe cada obra.

## 6. ELEMENTOS TRANVERSAIS

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, a educación cívica, a prevención contra a violencia e a educación e seguridade viaria traballaranse en todas as materias. Así, para cada materia, concretaranse estes elementos transversais relacionándoos con elementos concretos do currículo. De todas formas, dun modo xeral podemos establecer aspectos comúns a todas as materias para o tratamento dos elementos transversais:

**Comprensión lectora.**
Ver o apartado "contribución ao plan lector" desta programación.

**Expresión oral e escrita.**
A lectura de textos en clase e a exposición de ideas, conclusións, opinións... son actividades que se prestan a fomentar este elemento transversal.

**Comunicación audiovisual.**
En todas as unidades didácticas foméntase a realización de esquemas, gráficos, etc que nos axudan a entender e comprender mellor os conceptos e contidos da unidade.

**O tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación.**
Ver o apartado "contribución ao plan TIC" desta programación.

**Emprendemento.**
O desenvolvemento de actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas na resolución de problemas axuda a fomentar a capacidade do alumnado para tomar a iniciativa. No traballo individual e traballos en grupo tamén se fomenta a iniciativa persoal.

**Prevención da violencia e a educación e seguridade viaria.**
Estes dous elementos traballaranse propoñendo actividades que nos permitan abordar estas problemáticas e fomentando procedementos e actitudes no alumnado que favorezan actitudes de respecto, fomento da paz e da non violencia.

# 7. PROGRAMACIÓN 2º ESO

## 7.1 Perfil competencial. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AGRUPADOS POR COMPETENCIAS | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **CCL** | **CMCCT** | **CD** | **CAA** | **CSC** | **CSIEE** | **CCEC** |
| MUB1.1.1 | MUB1.1.2 | MUB2.5.2 | MUB1.3.1 | MUB1.6.3 | MUB1.5.2 | MUB1.1.1 |
| MUB2.4.1 | MUB1.1.3 | MUB3.5.1 | MUB1.3.2 | MUB1.6.4 | MUB1.6.5 | MUB1.1.2 |
| MUB2.4.3 | | MUB4.1.1 | MUB1.4.1 | MUB2.3.1 | MUB2.5.2 | MUB1.1.3 |
| MUB3.4.1 | | MUB4.1.2 | MUB1.4.5 | MUB2.5.1 | MUB3.3.4 | MUB1.2.1 |
| MUB3.4.2 | | MUB4.2.1 | MUB1.5.1 | | MUB4.1.2 | MUB1.3.1 |
| | | | MUB3.5.2 | | | MUB1.3.2 |
| | | | | | | MUB1.4.1 |
| | | | | | | MUB1.4.2 |
| | | | | | | MUB1.4.3 |
| | | | | | | MUB1.4.4 |
| | | | | | | MUB1.4.5 |
| | | | | | | MUB1.5.1 |
| | | | | | | MUB1.6.1 |
| | | | | | | MUB1.6.2 |
| | | | | | | MUB2.1.1 |
| | | | | | | MUB2.1.2 |
| | | | | | | MUB2.2.1 |
| | | | | | | MUB2.4.1 |
| | | | | | | MUB2.4.2 |
| | | | | | | MUB3.1.1 |
| | | | | | | MUB3.2.1 |
| | | | | | | MUB3.3.1 |
| | | | | | | MUB3.3.2 |
| | | | | | | MUB3.3.3 |
| | | | | | | MUB3.3.4 |

### 7.2. Unidades didácticas

| Nº | Título da UD | Descrición | Trimestre |
|---|---|---|---|
| 1 | O son, calidades do son | Produción e propagación do son. O son, o ruído e o silencio. Grafías. | 1 |
| 2 | Calidades do son: a altura | Notas, escalas, pentagrama, claves. Ton e semitón, intervalo, alteracións. | 1 |
| 3 | Calidades do son: a duración | Figuras, silencios, compases, signos de prolongación. O tempo e o pulso. | 1 |
| 4 | Calidades do son: a intensidade | Signos de expresión, matices. | 2 |
| 5 | Calidades do son: o timbre | A voz e os seus rexistros. Emisión. Agrupacións vocais. Instrumentos musicais. Familias. Clasificación segundo a vibración. Agrupacións instrumentais: orquestra sinfónica, cámara. Notación para o timbre | 2 |
| 6 | A organización do son: ritmo, melodía e textura | Ritmos básicos. Fórmulas rítmicas. Melodía. Escala diatónica. Deseños melódicos. Harmonía, acordes e cadencias. Texturas. | 2 |
| 7 | A estrutura da musica: forma musical | A forma musical. Representación da forma. Clasificación e tipos formais. Formas vocais e instrumentais. Evolución das formas. | 3 |
| 8 | O contido e a función da música: xénero musical | Clasificación dos xéneros musicais. Música culta: periodización. Música popular tradicional. Música popular urbana. Música para o teatro e o cine | 3 |

## 7.3 Distribución del currículo en unidades didácticas

| | Música. 2º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** | **Unidade Nº** |
| | **Bloque 1. Interpretación e creación** | | | | |
| ▪ n<br>▪ ñ<br>▪ m | ▪ B1.1. Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical<br>▪ B1.2. Características da voz e da palabra como medios de | ▪ B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a | ▪ MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe | ▪ CCEC<br>▪ CCL | ▪ Todas |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descuberta das posibilidades da voz como medio de expresión musical.<br>▪ B1.3. Instrumentos e corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.<br>▪ B1.4. Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo.<br>▪ B1.5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.<br>▪ B1.6. Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e a interiorización da música. | interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais. | técnica apropiada. | | |
| | | | ▪ MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC | ▪ Todas |
| | | | ▪ MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC | ▪ Todas |
| ▪ n | ▪ B1.7. Grafías e outras formas de notación musical, convencionais e propias, | ▪ B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das | ▪ MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na | ▪ CCEC | ▪ 1 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | empregadas como expresión musical. | notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | | |
| ▪ n<br>▪ g | ▪ B1.8. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.<br>▪ B1.9. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas. | ▪ B1.3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | ▪ MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | ▪ CAA<br>▪ CCEC | ▪ Todas |
| | | | ▪ MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías. | ▪ CAA<br>▪ CCEC | ▪ Todas |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d | ▪ B1.10. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/ás demais intérpretes, audición interior, memoria e | ▪ B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e | ▪ MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os | ▪ CAA<br>▪ CCEC | ▪ Todas |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | adecuación ao conxunto.<br>▪ B1.11. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.<br>▪ B1.12. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión. | cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. | instrumentos. | | |
| | | | ▪ MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. | ▪ CCEC | ▪ Todas |
| | | | ▪ MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. | ▪ CCEC | ▪ Todas |
| | | | ▪ MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. | ▪ CCEC | ▪ Todas |
| | | | ▪ MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. | ▪ CAA<br>▪ CCEC | ▪ Todas |
| ▪ a<br>▪ n | ▪ B1.13. Improvisación, elaboración de arranxos e composición como recursos | ▪ B1.5. Amosar interese polas actividades de composición e improvisación, e respecto polas | ▪ MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas | ▪ CAA<br>▪ CCEC | ▪ 7 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e selección de distintos tipos de organización musical.<br><br>▪ B1.14. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións, a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula. | creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | previamente establecidas.<br><br>▪ MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | ▪ CSIEE | ▪ Todas |
| ▪ g<br>▪ n<br>▪ d<br>▪ ñ | ▪ B1.15. Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.<br>▪ B1.16. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións | ▪ B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común. | ▪ MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao | ▪ CCEC | ▪ Todas |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | audiovisuais. | | nivel. | | |
| | | | ▪ MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | ▪ CCEC | ▪ 8 |
| | | | ▪ MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras. | ▪ CSC | ▪ Todas |
| | | | ▪ MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. | ▪ CSC | ▪ Todas |
| | | | ▪ MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e | ▪ CSIEE | ▪ Todas |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. | | |
| | **Bloque 2. Escoita** | | | | |
| ▪ n<br>▪ ñ | ▪ B2.1. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.<br>▪ B2.2. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.<br>▪ B2.3. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais. | ▪ B2.1. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións. | ▪ MUB2.1.1. Diferenza as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces. | ▪ CCEC | ▪ 2 |
| | | | ▪ MUB2.1.2. Diferenza as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais. | ▪ CCEC | ▪ 2 |
| ▪ n | ▪ B2.4. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc. | ▪ B2.2. Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición. | ▪ MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición. | ▪ CCEC | ▪ Todas |
| ▪ b<br>▪ a | ▪ B2.5. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás | ▪ B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas | ▪ MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento | ▪ CSC | ▪ Todas |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | demais persoas durante a escoita. | audicións. | indispensable para a interpretación e a audición. | | |
| ▪ h<br>▪ n | ▪ B2.6. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais. | ▪ B2.4. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada. | ▪ MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas. | ▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ Todas |
| | | | ▪ MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical. | ▪ CCEC | ▪ Todas |
| | | | ▪ MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade. | ▪ CCL | ▪ Todas |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ m | ▪ B2.7. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora. | ▪ B2.5. Identificar situacións do ámbito cotián nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizar as súas causas e propor solucións. | ▪ MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música. | ▪ CSC | ▪ Todas |
| | | | ▪ MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a | ▪ CSIEE<br>▪ CD | ▪ 1 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | contaminación acústica. | | |
| | **Bloque 3. Contextos musicais e culturais** | | | | |
| ▪ m<br>▪ n | ▪ B3.1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.<br><br>▪ B3.2. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais. | ▪ B3.1. Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas. | ▪ MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza. | ▪ CCEC | ▪ Todas |
| | | | ▪ MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade. | ▪ CCEC | ▪ 8 |
| ▪ l<br>▪ n | ▪ B3.3. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais. | ▪ B3.2. Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa. | ▪ MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como ointe con capacidade selectiva. | ▪ CCEC | ▪ 8 |
| ▪ l<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B3.4. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.<br><br>▪ B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos | ▪ B3.3. Apreciar a importancia do patrimonio cultural musical español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo. | ▪ MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego | ▪ CCEC | ▪ Todas |
| | | | ▪ MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | ▪ CCEC | ▪ Todas |
| | | | ▪ MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos. | ▪ CCEC | ▪ Todas |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | xeral e doutras culturas. | | ▪ MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas. | ▪ CCEC<br>▪ CSIEE | ▪ 8 |
| ▪ h<br>▪ e | ▪ B3.6. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións. | ▪ B3.4. Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou "falar de música". | ▪ MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais | ▪ CCL | ▪ 7<br>▪ 8 |
| | | | ▪ MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | ▪ CCL | ▪ Todas |
| ▪ e<br>▪ n<br>▪ l | ▪ B3.7. Música actual: novas tendencias; concertos en directo. | ▪ B3.5. Amosar interese e actitude crítica pola música actual, os musicais, os concertos en vivo e as novas propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores. | ▪ MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. | ▪ CD | ▪ 7<br>▪ 8 |
| | | | ▪ MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. | ▪ CAA | ▪ Todas |
| | **Bloque 4. Música e tecnoloxías** | | | | |
| ▪ e | ▪ B4.1. Utilización de | ▪ B4.1. Utilizar | ▪ MUB4.1.1. Coñece | ▪ CD | ▪ Todas |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ▪ n | dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.<br><br>▪ B4.2. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.<br><br>▪ B4.3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.<br><br>▪ B4.4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.<br><br>▪ B4.5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas. | recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música. | algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. | | |
| | | | ▪ MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. | ▪ CD<br>▪ CSIEE | ▪ 8 |
| ▪ e<br>▪ n | ▪ B4.6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o | ▪ B4.2. Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical. | ▪ MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. | ▪ CD | ▪ 8 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | coñecemento da música e a satisfacción con ela. | | | | |

## 7.4 Mínimos esixibles e instrumentos de avaliación

| Estándares de aprendizaxe | Mínimos esixibles | Instrumentos de avaliación |
|---|---|---|
| **Bloque 1. Interpretación e creación** | | |
| MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada. | ▪ B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición. e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais. | ▪ Realización de probas escritas.<br>▪ Identificación das calidades do son por medio de audicións.<br>▪ Interpretación da calidade do son segundo a partitura coa grafía correspondente. |
Dadas as características desta materia emplearase unha metodoloxía variada segundo as necesidades de cada momento. En xeral, a presentación da información farase con argumentacións indutivas. Primeiro, situarase ao alumnado nas súas experiencias previas, en referencia ao seu entorno próximo ou ás ilustracións do libro, procurando que sexan evocacións ou situacións atractivas, empáticas e motivadoras. A partir de aquí irase construíndo, por indución ou inferencia, o bloque teórico pertencente á unidade que pode consistir nunha estrutura conceptual, nunha descripción de feitos, na narración dunha secuencia procedimental etc.
Nas clases prácticas haberá unha metodoloxía participativa, activa, de conxunto, individual segundo o caso, en gran grupo o en pequeno grupo. O profesor facilitará a información necesaria para a interpretación das obras e resolverá as dúbidas que xordan sobre os novos materiais. Os alumnos traballarán de maneira individual o en pequeno grupo para descifrar as obras co fin de poder acadar a maior autonomía progresivamente. O traballo final será en gran grupo que estará dividido en subgrupos se a actividade o require.
Nas clases teóricas utilizaranse diferentes metodoloxías buscando que sexan participativas e sobre unha aprendizaxe baseada no alumno –interrogantes, descubrimento-, o profesor como facilitador do proceso –enseñar a aprender, a pensar, a convivir- e autoconciencia reflexiva do proceso de aprendizaxe. Fomentarase a implicación dos alumnos na tarea para evitar a pasividade aínda que utilizarase a clase maxistral nos momentos, temas o situacións nos que sexa necesario.

## 11. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

### 11.1 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN XERAIS

-Observación directa
-Rexistros de clase
-Cadernos do profesor
-Revisión dos traballos
-Cualificación das preguntas na clase
-Interpretacións individuais
-Interpretacións colectivas
-Provas escritas: temas a desarrollar, preguntas curtas, relacionar termos, definir conceptos, clasificar termos, ordenar termos, colocar e/o corrixir elementos musicais no pentagrama, encher compases, calquera outro que se axuste ás necesidades dos temas tratados.

### 11.2 SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

A forma de avaliación será continua. Neste sentido non se realizará unha soa proba ao final de cada avaliación ou do curso. Faranse probas parciais ao longo dos tres períodos que, de seren superadas, poderán liberar a materia segundo o caso.

**Tratamento da materia**
Será liberatoria a materia teórica salvo o referente ao linguaxe musical práctico do segundo curso. Este terá carácter acumulativo e a superación dunha avaliación suporá a recuperación das

anteriores. En caso contrario, se se aproban as primeiras avaliacións pero se suspende a terceira, esta parte da materia ficará suspensa. Non obstante podería contemplarse unha recuperación final.

Na parte práctica, interpretación instrumental e, no seu caso, vogal, actuarase da mesma maneira (acumulativa).

**Contido dos exames e probas extraordinarias**
Nos exames entrará toda a materia prevista para cada un deles. No caso de non ter vista toda na clase por razóns de mal comportamento que impida o desenrolo normal desta, considerarase materia de exame igualmente.

Os alumnos que non superen a materia en xuño terán unha proba extraordinaria en setembro de toda a materia. Nesta proba entrará toda a parte teórica e práctica do curso.

Nun mesmo grupo poderanse facer dous tipos diferentes de exame simultáneamente para valorar la mesma materia. Para os alumnos que presenten unha boa actitude e comportamento, las probas poderanse basear nos exercicios de repaso de cada tema. Para os alumnos que non teñan unha conducta e actitude correcta en clase farase o exame baseado no libro e nas explicacións de clase para poder comprobar a súa asimilación de todos os contidos.

**Recuperacións**
En principio, os exames escritos da parte teórica non terán recuperacións específicas. Faranse recuperacións das avaliacións suspensas e nestas probas entrará toda a materia teórica da avaliación. Podería contemplarse tamén unha recuperación extraordinaria final para as avaliacións non superadas nas recuperacións ordinarias (1ª e 2ª). Non se fará recuperación extraordinária da 3ª avaliación. Non obstante, de ser posible e se o Departamento o considerase oportuno, poderíanse facer exames de recuperación dos exames parciais suspensos nunha avaliación.

**Cualificacións**
Os exames de frauta poderanse cualificar con 3 ou 4 notas, referidas a ritmo, notas musicais, técnica instrumental e conxunto en caso de obras a varias frautas ou instrumentos. Neste caso a cualificación desta parte da materia será a media das anteriores.

A cualificación de cada avaliación será a media de todas as probas realizadas en dito período á que se engadirá a valoración –superación ou non- dos estándares referidos a actitudes.

Para facer a media das probas de avaliación haberá que ter atinxido en cada unha delas a cualificación 5 como mínimo. En calquera caso, será necesaria a valoración positiva dos estándares referidos a actitudes. De non ser así a materia ficará suspensa. Nos exames de recuperación poderase obter como nota máxima un 5.
En casos excepcionais podería considerarse unha nota inferior nalgún exame, sempre que os estándares referidos a actitudes fosen superados. Estes casos serán trasladados ao Departamento que decidirá sobre eles e ficará constancia nas actas do mesmo.

Para recuperar unha avaliación suspensa por non superar os contidos actitudinais non bastará con aprobar o exame de recuperación. Será indispensable o cambio de actitude e su mantemento.

A cualificación final do curso será a media das tres avaliacións unha vez aprobadas con un mínimo

de cinco.

Cando un alumno non aprobe a materia en xuño por non superar os contidos actitudinais só poderá atinxir a cualificación 5 en setembro.
As datas das recuperacións finais estarán propostas pola xefatura de estudos.

**Valoración dos estándares de aprendizaxe referidos a actitudes**
Para valorar estes estándares observaranse e evaluaranse os comportamentos referidos a eles de maneira continua. As condutas máis destacables rexistraranse mediante notas, cualificacións, anotacións de clase, positivos, negativos e calquera outro medio utilizado polo profesor. Os alumnos deberán facer na clase as tarefas propostas con actitude traballadora, responsable, respectuosa e observando en todo momento a superación dos estándares de aprendizaxe referidos a actitudes. Cada chamada de atención anotada no parte ou na libreta do profesor poderá baixar un punto a nota da avaliación. Tres chamadas de atención ou tres anotacións poderán supor o suspenso na avaliación.

Poderá anularse a primeira chamada de atención se o alumnos modifican positiva e radicalmente a súa actitude e comportamento dende o momento no que se cometera a primeira falta. No caso de cometer unha segunda considerarase que a actitude e o comportamento non variaron polo que se terán en conta as dúas. Neste caso, unha terceira significaría o sinalado no parágrafo anterior.

Os alumnos que presenten unha boa actitude e un bo comportamento poderán subir a nota da avaliación. Neste caso farase o redondeo á alza da cualificación con decimais. Poderase incrementar nalgún punto máis a nota no caso dunha actitude e comportamento moi bos.
***Exames***: os alumnos que, a criterio do profesor, copien nun exame, teñan chuletas, apuntes, libros ou calquera outro medio non propio dunha proba deste tipo, suspenderán automáticamente o exame e non terán dereito ás recuperacións que se relizarán na mesma avaliación .
Os alumnos que nun examen ou dentro do tempo deste (nunha sesión de clase adicada a examen) presente calquera tipo de actitude ou comportamento indebido, a criterio do profesor, suspenderá o examen e non terá dereito ás recuperacións que se relizarán na mesma avaliación. Nos dous casos aplicaranse o resto dos criterios de avaliación contemplados na programación.

**Puntualidade e asistencia a clase**
Considérase que un alumno chega tarde a clase cando entra despois do profesor. Cada falta de puntualidade inxustificada, a criterio do profesor, poderá baixar un punto a nota da avaliación. Tres faltas sen xustificar poderán supor o suspenso na avaliación. Ademáis o alumno non poderá entrar en clase e irá á aula de convivencia. A falta reiterada e inxustificada a clase poderá provocar a perda do dereito a avaliación continua nos termos referidos no Regulamento de Réxime Interior.

**Asistencia aos exames e puntualidade**
Os alumnos realizarán os exames nas datas sinaladas sen excepción. Non se cambiará a data dun exame a ningún alumno agás por unha causa da maior importancia. Esta deberá xustificarse mediante documento escrito oficial (médico, autoridades...). Os xustificantes dos pais de enfermidades leves ou pasaxeiras ou que refiran situacións que non sexan de estrema gravidade poderán non ter validez, sempre segundo o criterio do profesor. Quedará a xuízo do profesor a aceptación de calquera xustificación. No caso de non quedar xustificada a falta o alumno non terá dereito á recuperación dese exame na mesma avaliación.
Os alumnos que cheguen tarde a un exame non poderán facelo e non terán dereito ás recuperacións do mesmo que se farán na mesma avaliación.

**Situacións excepcionais. Notas mínimas dos exames**
Excepcionalmente, para os alumnos de 4º curso poderá contemplarse unha situación especial ao ter un programa moi amplo e variado e, polo tanto, complexo. Estes alumnos poderán superar a avaliación con unha nota inferior ao 5 na media das cualificacións, sempre que teñan superados moi positivamente os estándares de aprendizaxe referidos a actitudes, presenten moi bo comportamento e unha actitude moi positiva. A decisión de aplicar este criterio quedará reflectida nas actas das reunións do Departamento. A nota mínima requerida neste caso será un 4 podendo ser inferior nos casos nos que o Departamento considere oportunos e dos que quedará constancia nas actas do mesmo.

## 12. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

**Edixgal**
A partires deste curso utilizarase Edixgal en todos os niveis. Polo tanto non se utilizarán os libros do mercado.
En 2º emplearase un libro tomado de Internet. Poderase imprimir para facer os exercicios no mesmo.
En 3º e 4º utilizaranse os temas elaborados polo profesor, que xa se atopan na plataforma, e os exercicios preparados por este.

**Materiais e recursos**

-Libros complementarios e de consulta.
-Papel pautado
-Libreta de apuntes
-Lápices: negro e de colores
-Bolígrafos
-Se as posibilidades o permiten:
    Ordenadores
    Internet, páxinas web, blogs, portais de contidos educativos das CCAA...
-Ordenador e canón.
-Cadea de música.
-CDs
-Reproductor DVD
-DVDs
-Frautas doces
-Instrumentos Orff
-Teclado
-Guitarra
-Instrumentos de percusión
-Diapasón.
-Encerado
-Encerado pautado
-Tizas
-Rotuladores para pizarra blanca
-Pizarra dixital

## 13. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICs

Ao efecto de integrar as TICs na materia de música tense previstas as seguintes liñas de actuación:

-Traballo na plataforma Edixgal.
-Realización dos exercicios nos ordenadores.
-Utilización de páxinas Web, blogs de música, catálogos de discos, contidos musicais dos portais educativos das CCAA e outras páxinas de interese para a elaboración de traballos, búsqueda de información dos contidos da materia e complementaria e realización de actividades.
-Empleo de ordenador portátil e canón na clase para proxectar presentacións, fragmentos musicais, fragmentos de películas musicais...
-Elaboración polos alumnos de presentacións en Power Point sobre os contidos traballados.
-Utilización do portátil para buscar información ou facer exercicios na rede.

## 14. PLAN LECTOR

É organizado polo Equipo da Biblioteca para todo o instituto.
Estase aínda a deseñar o plan de lectura durante os periodos lectivos.

O departamento de Música propón as seguintes lecturas:

Alier, Roger: ***Historias de la historia de la ópera***. Ed. Ma non troppo
Alier, Roger: ***Sotto voce***. Ed. Ma non troppo
Argenta, Fernando: ***Los clásicos también pecan***. Ed. Plaza Janés
Bergamini, Andrea: ***El rock y su historia***. Ed. Andantino
Carmona, José Carlos: ***Sabor a canela***. Ed. Planeta
Groce, N. J.: ***El libro de humor de los músicos***. Ed. Ma non troppo
Higgins Clark, Mary: ***Le gusta la música, le gusta bailar***. Ed. Debolsillo
Kreutziger- Herr ,A.y Bönig, Winfried: ***La música clásica: 101 preguntas fundamentales***. Ed. Alianza editorial
Lerous, Gaston: ***El fantasma de la ópera***. Ed. Losada
Lindt, Lawrence: ***Así como suena***. Ed. Ma non troppo
Lindt, Lawrence: ***Dando la nota***. Ed. Ma non troppo
Lindt, Lawrence: ***Historias curiosas de la música***. Ed. Ma non troppo
Lindt, Lawrence: ***Historias de la historia de la música***. Ed. Ma non troppo
Lindt, Lawrence: ***Historias insólitas de la música***. Ed. Ma non troppo
Martí, Meritxell: ***Me llamo… Mozart***. Ed. Parramón
Moure, Gonzalo: ***El síndrome de Mozart***. Ed. S.M.
Silva, Lorenzo: ***Albéniz, el pianista aventurero***. Ed. Anaya
Sierra i Fabra, Jordi: ***El asesinato del profesor de música***. Ed. Anaya

Ao longo do curso porporase un destes libros –ou outros que poden ser engadidos á lista- para á súa lectura. Os alumnos que o lean deberán completar unha ficha sobre o libro para comprobar a súa lectura. Esta actividade poderá subir a nota do trimestre ou a final segundo se reflictirá nas actas do departamento.

# 15. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO

## 15.1 RECUPERACIÓN DAS AVALIACIÓNS SUSPENSAS DURANTE O CURSO

Os alumnos que o desexen serán atendidos nas titorías de alumnos polos profesores. Nestas explicaranse os contidos non comprendidos e aclararanse dúbidas.
Para traballar progresivamente a materia suspensa, poderase entregar exercicios aos alumnos que deberán devolver feitos nas datas que se sinalen. Unha vez corrixidos entregaranse aos alumnos de novo para que os poidan estudiar para os exames de recuperación. Estes exercicios serán similares ás preguntas dos exames.
Para recuperar a avaliación suspensa non será requisito indispensable facer os exercicios pero si poderase ter en conta a súa realización.
A forma de cualificar as recuperacións será como figura no apartado procedementos de avaliación –sistemas de cualificación-.

## 15.2 RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

### TRABALLO DURANTE A AVALIACIÓN

1. Deberán realizar os exercicios e traballos que se profiran e entregalos nas datas que se establezan ao efecto. Estas ficarán reflectidas nas actas do departamento.
A presentación deste traballo nas datas sinaladas será requisito imprescindible para superar as avaliacións e a totalidade da materia.

### EXAMES

1. Realizaranse tres exames, un ao final de cada avaliación. Constarán de dúas partes: escrita e práctica. A parte práctica poderase suprimir a criterio do Departamento e deixando constancia nas actas do mesmo.

2. No mes de maio haberá unha recuperación de cada unha das avaliacións. As datas estarán propostas pola xefatura de estudos.
Cando unha avaliación estea suspensa se entende que hai que recuperar as dúas partes: teórica e práctica.

### PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DAS PROBAS EXTRAORDINARIAS

A forma de avaliación será continua. Neste sentido non se realizará unha só proba ao final de cada avaliación ou do curso se non que se farán probas parciais ao longo dos tres períodos que, se se superan, poderán liberar a materia tratada segundo o caso.

Será liberatoria a materia teórica.

A parte práctica terá carácter acumulativo e a superación dunha avaliación suporá a recuperación

das anteriores. En caso contrario, se se aproban as primeiras avaliacións pero se suspende a terceira, esta parte da materia ficará suspensa.

Os exames de frauta poderanse cualificar con 3 ou 4 notas, referidas a ritmo, notas musicais, técnica instrumental e conxunto en caso de obras a varias frautas ou instrumentos. A cualificación desta parte da materia será a media das anteriores.

Os alumnos de 3º curso recuperarán a parte práctica de 2º se superan a de 3º, segundo os criterios de avaliación estabelecidos para este curso. Non obstante, poderán realizar os exames prácticos de 2º se o desexan ou fose necesario.

Os alumnos que cursen Música en 4º curso recuperarán a parte práctica de 3º se superan a de 4º, segundo os criterios de avaliación estabelecidos para este curso. Non obstante, poderán realizar os exames prácticos de 3º se o desexan ou fose necesario.

A cualificación de cada avaliación será a media de todas as probas realizadas en dito período á que se engadirá a valoración -superación ou non- dos contidos mínimos actitudinais que serán observables e cualificables dia a dia, ao longo de todo o curso.

Para facer a media das probas de avaliación haberá que ter atinxido en cada unha delas a cualificación 5. En calquera caso, será necesaria a valoración positiva dos contidos actitudinais. De non ser asi a materia ficará suspensa. Isto será de aplicación a todos os alumnos, sen excepción, que teñan a materia de terceiro suspensa.

A cualificación final do curso será a media das tres avaliacións unha vez aprobadas con un mínimo de cinco.

Os alumnos que non superen a materia en xuño terán unha proba extraordinaria en setembro de toda a materia. Nesta proba entrará toda a parte teórica do curso. Para a parte práctica, no caso de non ser suprimida no curso, entregaranse as partituras aos alumnos coas notas de xuño.

**AVALIACIÓN INICIAL**

Para esta faranse exames moi sinxelos sobre os contidos máis esenciais do curso pasado. Hai que ter en conta que no último trimestre traballouse toda a materia correspondente da programación que foi seguida polos alumnos sen aparente dificultade xa que, en xeral, a materia que se traballa habitualmente está baseada case toda nos estándares mínimos. Por este feito, e tamén debido ás novas normas de avaliación, todos os alumnos superaron con éxito a asignatura en xuño.

## 16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Serán detalladas no libro de actas segundo vaian xurdindo.

## 17. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O tratamento á diversidade producirase no momento en que se detecten distintos niveis de coñecementos ou actitudes, o cal poderá acontecer ben mediante unha proba de diagnóstico inicial, ben cando se faga a introducción e motivación de novos conceptos.

A proposta de actividades e exercicios con diversos niveis de dificultade dentro de cada contido conceptual permitirá ó profesor adaptar o proceso de ensinanza-aprendizaxe ás necesidades concretas de cada alumno.

Deseñarense actividades de reforzo para os alumnos que presenten algún retraso na súa aprendizaxe e actividades de profundización para os que mostren unha capacidade superior.

As actividades de reforzo, en tanto que contextualizadas no entorno do alumno, permitirán obter unha maior motivación daqueles alumnos con máis dificultades de aprendizaxe, desta maneira poderán acadar os niveis mínimos esixibles. Por outro lado, as actividades de profundización, deseñadas para os alumnos máis capacitados e motivados, permitirán satisfacer mellor as súas necesidades e vontades de aprendizaxe. Estes traballos non implican a incorporación de novos conceptos, máis ben un tratamento máis profundo dos contidos correspondentes a cada unidade. Sempre que sexa posible, presentaranse actividades abertas que permitan a cada alumno realizalas de acordo co seu diferente desenrolo intelectual e de coñecementos.

Será tarefa do profesor analizar e decidir en cada momento as actividades a propoñer segundo a situación do alumno xa que as motivacións, capacidades e intereses de cada uno son diferentes pero igual de interesantes e preocupantes.

## 18. METODOLOXÍA DE TRABALLO NO CASO DE ENSINO A DISTANCIA

O traballo realizarase na aula virtual do IES. Non haberá clases retransmitidas en tempo real polo fallo constante da liña, tanto no centro como nas familias.

Un día da semana, a determinar segundo as circunstancias, subirase á aula unha guía didáctica co que hay que traballar ata pasada unha semana. Esta guía didáctica estará baseada no libro de texto que seguen os alumnos. Incorporará material que non aparece no libro e fará as observacións e explicacións pertinentes sobre os contidos do mesmo.
Neste día indicaranse tamén os exercicios a realizar sobre os contidos tratados.

Outro día da semena, tamén a determinar no memento en que fose necesario pero sempre catro ou cinco días despois, subiranse á aula as solucións dos exercicios para que os corrixan os alumnos como forma de repaso destes. Os exercicios deberán estar corrixidos con unha cor diferente á da súa elaboración.

Finalmente, outro día da semana pediranse exercicios aleatoriamente –non ten por que ser os últimos realizados- para que os envíen pola propia aula ou polo correo electrónico adicado ao efecto. Para este labor daranse quince minutos co obxecto de que non teñan tempo de facelos ou corrixilos nese momento.

**EXAMES E CUALIFICACIÓNS**:

No caso de ter que traballar na casa pola aula virtual, os exames serán tipo test. Poderá haber cinco preguntas con tres respostas a elixir una e outras cinco de verdadeiro e falso. A materia que entrará nestes exames será o máis básico. Dada a facilidade destas probas, daranse quince minutos para facelas e envialas, de xeito que os alumnos non tiñan oprtunidade de buscar no libro ou nos apuntes ao tempo que podan facela con toda facilidade.

En caso de traballar dende a casa e facer os exames mencionados, non haberá recuperación de cada exame, coma se vén facendo habitualmente. Para aprobar unha avaliación farase a media das probas, sempre que se alcanzase un 3,5 como mínimo nelas. En caso contrario haberá que recuperar a avaliación. Unha avaliación apróbase cun mínimo de 5. A avaliación final será a media das tres, sempre que se teña como mínimo un 3,5 nalguna que puidese estar suspensa. En caso contrario non se fará a media.

Para subir nota nas avaliacións e ao final de curso terase en conta o traballo realizado durante as mesmas e, por tanto, ao longo do curso –entrega puntual de tarefas, correccións axeitadas, consulta de dúbidas nos foros…-.

## 19. DEREITO Á EDUCACIÓN –TELEMÁTICA-

Como xa sucedera no curso pasado, neste centro non hai prácticamente ningún alumno sen posibilidad de comunicación telemática. Trátase dun centro moi pequeño e con escasos alumnos e aos poucos que non tiñan ordenador ou conexión a Internet facilitóuselles.

Por esta razón non considero necesario establecer medidas especiais de ningún tipo ao respecto xa que, no caso de ter que traballar na casa, adoptaríanse as mesmas medidas do curso pasado.

## 20. PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO REPETIDOR

Está elaborado polo equipo directivo e levaranse a cabo as medidas propostas nel.

# 21. AVALIACIÓN DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE (indicadores de logro)

| INDICADORES | |
|---|---|
| | **Planificación** |
| 1 | Realizo a programación da miña actividade educativa tendo como referencia o Proxecto Curricular . |
| 2 | Formulo os obxectivos didácticos de forma que expresen claramente as habilidades que os meus alumnos deben atopar como reflexo e manifestación da intervención educativa. |
| 3 | Selecciono e secuenci os contidos da miña programación cunha distribución e unha progresión axeitada ás características de cada grupo de alumnos. |
| 4 | Adopto estratexias e programo actividades en función dos obxectivos didácticos, dos contidos e das características dos alumnos. |
| 5 | Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axeitados ao Proxecto Curricular, á programación didáctica e axustado ás necesidades e intereses dos alumnos. |
| 6 | Establezo os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e Auto avaliación que permiten facer o seguimento do progreso dos alumnos e comprobar o grao no que alcanzan os aprendizaxes. |
| 7 | Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado. |
| **Motivación inicial dos alumnos** | |
| 8 | Presento e propoño un plan de traballo explicando a súa finalidade, antes de cada unidade. |
| 9 | Plantexo situacións introductorias previas ao tema que se vai tratar. |
| | **Motivación ao longo de todo o proceso** |
| 10 | Manteño o interese do alumnado partindo das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada. |
| 11 | Comunico a finalidade das aprendizaxes,a súa inportancia, funcionalidade aplicación real. |
| 12 | Dou información dos progresos atinxidos e das dificultades atopadas. |
| | **Presentación dos contidos** |
| 13 | Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos dos meus alumnos. |
| 14 | Estructuro e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema. |
| 15 | Facilito a adquisición de novos contidos a través dos pasos necesarios, intercalando preguntas aclaratorias, sintetizando, exemplificando |
| | **Actividades na aula** |
| 16 | Plantexo actividades que aseguran a adquisición dos obxectivos didácticos previstos e as habilidades e técnicas instrumentais básicas. |
| 17 | Propoño actividades variadas (de diagnóstico, de introducción, de motivación, de síntesis, de consolidación, de recuperación, de ampliación e de avaliación. |
| 18 | Nas actividades que propoño existe equilibrioentre as individuais e traballos en grupo. |
| | **Recursos e organización da aula** |
| 19 | Distribuio o tempo axeitadamente (breve tempo de exposición e o resto do mesmo para as actividades que os alumnos realizan na clase). |
| 20 | Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa e dos recursos a utilizar, controlando o clima de traballo. |
| 21 | Utilizo recursos didácticos variados (audiovisuaia, informáticos, técnicas de aprender a aprender), tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos. |
| | **Instruccións, aclaracións e orientacións ás tarefas dos alumnos** |
| 22 | Comprobo que os alumnos comprenderon a tarefa que teñen que realizar. |
| 23 | Facilito estratexias de aprendizaxe como: solicitar axuda, buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas, dou ánimos e asegúrome da participación de todos. |
| 24 | Controlo frecuentemente o traballo dos alumnos: explicacións adicionáis, dando pistas, retroalimentación. |
| | **Clima da aula** |
| 25 | As relacións que establezo cos meus alumnos dentro da aula e as que eles establecen entre si son correctas, fluidas e desde unhas perspectivas non discriminatorias. |
| 26 | Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa colaboración de todos e reacciono de forma ecuánime ante situacións conflictivas. |
| 27 | Fomento o repecto e a colaboración entre os alumnos e acepto as súas suxestións e aportacións, tanto para a organización das clases coma para as actividades de aprendizaxe. |
| 28 | Proporciono situacións que facilitan aos alumnos o desenrolo da afectividade e relacións interpersoais como parte da súa educación integral. |
| | **Control do proceso de ensinanza-aprendizaxe** |
| 29 | Reviso e corrixo frecuentemente os contidos, actividades propostas,adecuación dos tempos,agrupamentos e materiais utilizados. |
| 30 | Proporciono información ao alumno sobre a execución das tarefas e de cómo pode melloralas, e favorezo procesos de auto avaliación e coavaliación. |

| | |
|---|---|
| 31 | No caso de obxectivos non acadados propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición. |
| **Diversidade** | |
| 32 | Teño en conta o nivel de habilidades dos alumnos, os seus ritmos de aprendizaxes e as posibilidades de atención, e en función deles adapto os distintos momentos do proceso de ensinanza-aprendizaxe. |
| 33 | Coordínome con outros profesionais (departamento de Orientación…) para modificar e/o adaptar contidos, actividades, metodoloxía aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe. |
| **Avaliación** | |
| 34 | Teño en conta o procedemento xeral que concreto na miña programación de aula para a avaliación dos aprendizaxes. |
| 35 | Aplico criterios de avaliación e cualificación (ponderación do valor dos traballos, das probas, tarefas de clase, etc. ) en cada un dos temas de acordo coa programación. |
| 36 | Realizo unha avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación, na que teño en conta o informe final do titor anterior, o de o Departamento de Orientación e/o médico. |
| 37 | Contemplo outros momentos de avaliación inicial: a comezos dun tema, unidade didáctica,novos bloques de contidos, etc. |
| 38 | Utilizo criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos (conceptuais, procedimentais, actitudinais). |
| 39 | Utilizo sistemáticamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información para a avaliación |
| 40 | Corrixo, califico e explico habitual, sistemática e oportunamente os traballos e actividades,as probas escritas dos alumnos e dou pautas para a mellora dos seus aprendizaxes. |
| 41 | Utilizo estratexias e procedementos de autoavaliación e coavaliación en grupo que favorezan a participación dos alumnos na avaliación. |
| 42 | Utilizo diferentes técnicas de avaliación en función da diversidade dos alumnos das diferentes áreas, dos temas, dos contidos. |
| 43 | Dou seguimento adecuado e oportuno aos estudantes de acordo aos resultados da avaliación. |

## 22. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A presente programación será obxecto dunha constante avaliación por parte do profesorado do Departamento.

Mensualmente, na Reunión de Departamento, poranse en común as reflexión sobre a propia práctica docente en cada curso e nivel educativo e levaranse a cabo cambios puntuais sobre aspectos tan importantes como:

1. Grao de cumprimento da programación.
2. Planificación das tarefas. Dotación de medios e tempos.
3..Distribución de medios e tempos.
4. Participación. Ambiente de traballo e participación. Proceso de integración e implicación no traballo.
5. Adecuación do material didáctico e necesidade de adquisición de novo material.
6. Posibilidade de desenvolvemento das actividades complementarias e novas actividades que se poden realizar.
7. Revisión dos procedementos e instrumentos existentes para avaliar o proceso de ensino baseándonos en: cuestionarios, intercambios orais, entrevistas, debates cos alumnos...
8. Análise dos resultados obxectivos, sobre todo despois de cada avaliación, do proceso de aprendizaxe do alumnado.

Ao final de cada curso, na reunión de xuño, farase unha valoración das modificación que deben quedar reflectidas na programación do curso seguinte e na primeira reunión de setembro concretaranse para incorporalas á nova programación.